

OBRADOIROS DE VERÁN 2017

- ***Cosmética fresca con herbas de S.Xoán.*** Sábado, 17 de Xuño de 17h30 a 19h.

Aprenderemos a preparar limpadoras, exfoliantes, tónicos e hidratantes faciais, empregando produto fresco. Nesta ocasión inspirarémonos nas herbas de San Xoán e no seu uso inmemorial con obxectivos cosméticos.

O obradoiro estará impartido por **Josefina Anllo Naveiras**. Doutora en Farmacia pola Universidade de Santiago de Compostela e especialista en etnobotánica farmacéutica e cosmética. Poderás levar para casa os produtos realizados no obradoiro.

Orientado a persoas adultas e nenos e nenas. Custe por materiais de 3€. Nenas, nenos e persoas no desemprego 1€. De balde para persoas socias do Museo.

- ***Os segredos do papel. Papiroflexia en familia.*** Venres, 30 de Xuño de 17h30 a 19h.

Queredes saber a cantidade de cousas que se poden agochar nunha folla de papel? Neste obradoiro faremos formas en papel desde un punto de vista matemático, artístico, científico e lúdico.

As profesoras serán **M. Luz Díaz López, Fátima Jardón Magdalena e Teresa Otero Suárez** apaixonadas da arte e da xeometría con papel.

Gratuíto e orientado a nenos e nenas a partir de 7 anos e a persoas adultas.

Información e Inscripción en

Educación e Acción Cultural

981583620

deac@museodopobo.gal